

alerta



INDICE

1. Actualidade: Día Internacional da Seguridade e a saúde laboral, 28 de abril.
2. Primeiros Auxilios.
3. Prevención nas distintas profesións: O chapista ou pintor.
4. Preguntas máis Comúns.
5. Visitas á Escola.
6. Pasatempos.

Día da seguridade e a saúde laboral: 28 de abril.

Dende o ano 1996 os sindicatos de traballadores conmemoran a todas as vítimas de accidentes de traballo ou de enfermidades laborais o día 28 de abril de cada ano. Durante este día diferentes organizacións internacionais realizan declaracións, promoven diversos tipos de actos e propoñen e desenvolven actividades que leven a

reflexión os cidadáns sobre este tema. Cada ano as organizacións centran as súas chamadas de atención nun ou varios temas de seguridade e saúde no traballo que consideran significativos a nivel mundial. A intención prioritaria desta conmemoración é chegar o máximo número posible de persoas e institucións para fomentar a importancia da seguridade e a saúde

laboral e impulsar medidas que axuden a reducir os accidentes no traballo. Cando falamos de seguridade e saúde no traballo falamos dunha ampla disciplina que abarca diferentes campos:

- Fomento e mantemento do benestar físico, mental e social dos traballadores.
- Prevención entre os traballadores de
- consecuencias negativas

que o traballo pode ter na súa saúde.

- Protección dos traballadores no lugar de emprego fronte os riscos que poidan ser negativos para a súa saúde.
- Colocación e mantemento dos traballadores nun entorno laboral adaptado as súas necesidades físicas e mentais.
- Adaptación da actividade laboral os seres humanos.

PRIMEIROS AUXILIOS

¿ Que son os 1º auxilios ?

Os primeiros auxilios son actuacións e técnicas que permiten a atención inmediata a un accidentado, mentras chega a asistencia médica profesional, co fin de evitar complicacións das lesións.

O obxectivo principal é que o lesionado no sufra deterioro nas súas condicións dende que se accidenta ata que é atendido polo persoal sanitario.

O que SI se pode facer

- Comprobar se existe algún tipo de perigo no lugar no que se atopa o accidentado, para protexelo tanto a él, como a nos mesmos ou os demais.
- Avisar os servizos de urxencia.
- Tranquilizar o ferido.
- Conservar a calma e actuar rapidamente.
- Examinar o ferido comezando polo máis urxente: comprobar se respira, o latido do corazón e se está consciente.
- Manexar o ferido con suavidade e precaución: evitar

movementos bruscos ou inadecuados.

- Tumbar o ferido no mesmo lugar onde se produciu o accidente, colocando de costado, coa cabeza cara atrás ou inclinada hacia un lado.
- Ante a sospeita de traumatismo da columna vertebral, non movilizalo o accidentado.
- Comprobar os efectos do accidente (fracturas, hemorraxias, queimaduras...)
- Non dar de beber xamais en caso de perda de coñecemento.
- Procurar que o ferido non se enfrie, tapando con mantas e mantendo o ambiente a unha temperatura agradable.

O que NON se pode facer

- NON deixar actuar a curiosos e espontáneos.
- NON mover o ferido ata que sexa examinado e informado os servizos de emerxencia das súas lesións.
- NON facer máis do necesario: O SOCORRISTA NON É O SUSTITUTO DO MÉDICO.

- NON dar alimentos ou líquidos a persoas inconscientes ou feridos na barriga.
- NON levantar a cabeza ou incorporar aos que sufran desmaios.
- NON tocar as feridas.
- NON poñer vendaxes excesivamente apretados.
- NON despegar restos de vestidos pegados a pel queimada nin abrir ampollas.
- NON poñer torniquetes, se non é absolutamente indispensable.
- NON tocar a unha persoa electrocutada que este aínda en contacto co cable.
- NON administrar medicamentos.
- NON abandonar o ferido.

As tres claves dos primeiros auxilios

- 1. Protexer:** Antes de actuar haberá que asegurarse de que, tanto o accidentado como as persoas que o asisten, están fora de todo perigo facendo unha valoración do entorno co fin de:
 - detectar posibles riscos e protexerse deles.

- evitar riscos adicionais.

2. Avisar: Contactar o máis rápido posible cos servizos de urxencias e informar de:

- o lugar exacto do accidente.
- o número de persoas afectadas, o tipo de lesión e os síntomas que presentan.
- se a vítima ten unhas características especiais ou idades extremas, se é un neno, un ación, unha muller embarazada, se a vítima presenta algunha diminución física...

3. Socorrer: Unha vez realizadas as dúas tarefas anteriores, hai que tranquilizar á vítima e comunicarlle que a axuda está en camiño. A continuación haberá que determinar as posibles lesións existentes para establecer a prioridade de actuación e tomaranse as precaucións que correspondan para non empeorar a situación.

Prevenção nas distintas profesións: Pintor ou chapista.

A profesión escollida para este número da revista é a de pintor ou chapista; estes traballadores realizan as súas tarefas nos talleres de reparación de vehículos.

Os talleres de reparación de vehículos, incluso nos máis pequenos realízanse operacións de traballo moi diversas: dende arreglar e substituír toda clase de pezas, a reconstruír compoñentes ou reparar e pintar carrocerías. Estas labores ocultan unha serie de riscos que se materializan principalmente en accidentes laborais. As formas máis frecuentes son:

- Caídas o mesmo nivel (derrames de aceite).
- Caídas a distinto nivel (fosos).
- Choques e golpes (manipulación manual de cargas, ferramentas manuais, máquinas portátiles).

- Proxeccións de fragmentos e substancias químicas.
- Contactos eléctricos (fallos no aislamiento)
- Exposición a contaminantes físicos (ruído, radiación ultravioleta na soldadura eléctrica).
- Exposición a contaminantes químicos (gases de escape, combustibles, humos de soldadura, pinturas, disolventes, colas).
- Incendios e explosións.

Para evitar estos accidentes é necesario ter en conta unha serie de boas prácticas como as que se comentan a continuación:

1. Manter limpo e ordeado o lugar de traballo, limpando os posibles vertidos e derrames de produtos utilizados, así como as virutas que poidan caer o chan.
2. Conservar en bo estado o funcionamento da

- maquinaria e as ferramentas.
3. Prever golpes, caídas e tropezos.
4. Todas as máquinas deben ter:
 - Marcado CE
 - Manual de instrucións
 - Libro de mantemento
5. Respetar a sinalización de seguridade.
6. Non fumar no interior das cabinas de traballo.
7. Evitar o contacto directo da pel cos refrixerantes do motor, cando non se pode evitar utilizar guantes ou cremas de barreira.
8. Non realizar traballos de soldadura en lugares próximos a almacenamentos de produtos inflamables.
9. Mantementos periódicos das instalacións de gas e de aire comprimido.
10. Dispoñer dunha adecuada ventilación neste tipo de talleres.

Protección das vías respiratorias

O pintor ou chapista traballa continuamente con produtos que poden danar a súa saúde, entre outros produtos que se inhalan e afectan as vías respiratorias; por iso é importante protexelas para evitar enfermidades profesionais derivadas destas situacións.

EPI

Antes de utilizar os equipos de protección é necesario definir os procesos e as tarefas para os que son necesarios. Algúns destes equipos de protección son:

- Calzado, guantes e gafas de seguridade.
- Protección para as vías respiratorias.
- Buzo, mono ou ropa de traballo.

Preguntas máis comúns sobre a prevención

Está o empresario obrigado a formar os/as traballadores/as en materia de prevención?
Sí, segundo o artigo 19 de Lei de prevención de riscos laborais, o/a empresario/a deberá garantir cada traballador/a reciba unha formación teórica e práctica suficiente e adecuada en materia de preventivamento no momento da súa contratación como cando se produzan cambios nas funcións.

Cales son as obrigas dos empresarios con respecto ás traballadoras embarazadas?
Deberán adoptar as medidas oportunas para que non estean expostas a ningún risco. Para iso, realizarán as modificacións pertinentes.

Por que é tan importante manter o lugar de traballo limpo e ordenado?
Porque deste modo evítanse accidentes tales como golpes e caídas, un ambiente limpo e ordenado axuda a traballar mellor, co que se asegura unha

maior produtividade na empresa.

Que é saúde para Organización Mundial da Saúde?
Saúde é o estado de benestar físico, mental e social completo e non meramente a ausencia de dano ou enfermidade.

Que é o mobbing?
O mobbing ou violencia psicolóxica consiste na discriminación caera a un/unha traballador/a por parte dos/as seus/súas compañeiros/os e superiores.

Que é a insatisfacción laboral?
É o malestar e a perda de interese que experimenta o/a traballador/a con motivo do seu traballo.

Para tratar de cortar unha hemorraxia, que orde debemos seguir?
O primeiro que debemos facer é realizar unha comprensión directa sobre a ferida e, se a hemorraxia non cesa, debemos realizar unha comprensión arterial

As visitas á Escola

IES Fontiñas (Ciclo de Urbanismo e topografía).

Nestas fotos podemos ver ós alumnos do IES Fontiñas nos seminarios de Psicosocioloxía, Ergonomía e EPI.



IES Fontiñas (Ciclo de Delineación).

Aquí podemos ver o Ciclo de delineación do IES Fontiñas nunha foto de grupo despois dos seminarios.



CEIP de Carreira



Nestas fotos podemos ver os alumnos de 1º a 6º de primaria do CEIP de Carreira nos obradoiros de EPI e de seguridade vial, e na foto de despedida.



CEIP Ramón Cabanillas



Aquí podemos ver os alumnos do CEIP Ramón Cabanillas na súa visita a Escola de prevención realizando dous dos obradoiros que se ofertan: EPI e seguridade vial.

EEI Lañas

Nestas fotos vemos ós alumnos de infantil do EEI Lañas facendo unha manualidade no obradoiro de EPI e de seguridade vial acompañados polos seus pais.



Foto de despedida diante da Escola de Prevención.

CEIP Viaño Pequeno

Durante a semana do 19 de abril trasladámonos ó CEIP Viaño Pequeno para realizar diferentes obradoiros en materia de prevención que oferta a Escola aos alumnos de infantil, primaria e 1º ciclo de secundaria.

Por desexo do centro as fotos dos obradoiros non poden ser publicadas.

IES Fontiñas (Ciclo de Xestión e Administración e Delineación)

Foto final do grupo despois dos seminarios de Psicosocioloxía, Ergonomía e EPI.



CEIP O Pindo



Nestas fotos podemos ver os alumnos do CEIP O Pindo no obradoiro de prevención de riscos domésticos e na foto de despedida diante da Escola de Prevención.



Colexio Jaime Balmes – Visita e entrega de premios.

Aquí vemos os alumnos de secundaria do Colexio Jaime Balmes no obradoiro de EPI.



Os tres gañadores do III Concurso Educativo "Crea o teu cómic", pertencentes o Colexio Jaime Balmes coas súas mestras na entrega de premios.

Pasatempos

F	A	G	A	F	A	S	A	F	A
A	O	P	O	I	U	Y	T	R	E
W	C	M	A	R	L	U	V	A	S
A	N	A	G	T	I	N	E	V	A
D	E	F	S	G	H	H	J	L	Ñ
N	M	A	S	C	A	R	A	N	T
U	Y	E	F	R	O	I	U	G	O
F	B	G	B	G	U	C	A	S	C

**ATOPA AS SEGUINTE PALABRAS
RELACIONADAS CON EPI:**

